

## QUE PODES SOLICITAR?

### AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

- Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar de Educación Infantil (2ª etapa).



### OU PARA COMEDOR ESCOLAR

- Para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria



## QUEN PODE SER BENEFICIARIO?

Alumnos/as matriculados en centros docentes públicos ou privados concertados, en educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo no termo municipal de Vigo.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

## CADRO INGRESOS

Para os efectos destas axudas enténdese por "unidade familiar de convivencia":

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez\*, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.
- e) Cadro de ingresos – 75% do IPREM

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	798,76 €	9.585,12 €
3	1.198,14 €	14.377,68 €
4	1.597,52 €	19.170,24 €
5	1.996,90 €	23.962,80 €
6	2.396,28 €	28.755,36 €
7	2.795,66 €	33.547,92 €
8	3.195,04 €	38.340,48 €
9	3.594,42 €	43.133,04 €
10	3.993,80 €	47.925,60 €

A capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos, os gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual, ata un máximo de 500€/mes, dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.

## PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de VINTE (20) días hábiles, contando dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

**As solicitudes tamén poderán presentarse mediante cita previa a través de [www.vigo.org](http://www.vigo.org) ou do teléfono de información municipal (010) ou no 986 810 260**

Correo: [ofi.bensocial@vigo.org](mailto:ofi.bensocial@vigo.org)

CONCELLO DE VIGO



O prazo de presentación de solicitudes será de VINTE (20) días hábiles, contando dende o seguinte á publicación oficial do Extracto da CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

As solicitudes presentaranse mediante cita previa a través de [www.vigo.org](http://www.vigo.org) ou nos teléfonos 010 ou 986 810 260

## REQUISITOS

- a) Que a unidade familiar de convivencia **esteá empadroada no mesmo enderezo no Concello de Vigo** (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- b) **Convivir cos/cas alumnos/as** para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, **débase contar con praza no centro**, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) **Que a capacidade económica** da unidade familiar de convivencia **non exceda do 75% do IPREM**, que equivale ao 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.792,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.792,56 €/anuais). Tamén se lle computará esta cantidade aos contribuintes que nos datos enviados dende a Axencia Tributaria consten como "Contribuintes sen imputacións de renda" (Sen datos) Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadados en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra **da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual**, ata un máximo de 500€/mes, dividido polo número de membros que integran a unidade familiar. **Os gastos de vivenda teranse en conta**, sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible, que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos. Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ao primeiro trimestre do ano 2017.
- g) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda **estean situados no termo municipal de Vigo**.

## DOCUMENTACIÓN

- a) **Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante** e dos membros maiores de 18 anos, sempre que non consten xa na base de datos do Departamento de Benestar Social.
- b) **Fotocopia do libro de familia** completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Departamento.
- c) **Declaración de IRPF do último exercicio** de todos os membros da unidade familiar (\*)
- d) Certificado actual de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos. (\*)
- e) De ser o caso, **certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2016** expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia. (\*) **(\*) A documentación indicada nestes apartados só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ao Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.**
- f) De ser o caso, **contrato de aluguer e dous xustificantes das transferencias bancarias** ou recibos dos dous meses anteriores á publicación da convocatoria. Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, poderá acreditarse mediante xustificantes das transferencias bancarias de aluguer dos dous meses anteriores á solicitude da axuda, onde conste o enderezo da vivenda alugada e o nome e apelidos do arrendatario; ou dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensalidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura).
- g) De ser o caso, **documentación xustificativa dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca** da vivenda habitual na que conste:  
- Persoa titular do préstamo hipotecario e NIF  
- Cuota mensual actual  
- Enderezo da vivenda hipotecada
- h) **No caso de discapacidade** dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:  
1. Certificado emitido polo órgano competente de grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% ou tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.  
2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.  
3. Documento acreditativo da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- i) **No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, documentación acreditativa.

- j) **Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador** onde conste a custodia do causante, así como a pensión de alimentos.
- k) Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten libros e material escolar, achegarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2017-18 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.
- l) Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, achegarán un xustificante do centro escolar no que estean matriculados ou teñan reserva de matrícula no que conste que teñen interese no servizo de comedor para o curso 2017-2018.
- m) **Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar Social** para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

## IMPORTE DAS AXUDAS

Para libros e material escolar

**85 euros\***  
por alumno/a  
de Educación Infantil - 2ª Etapa  
(3-4 e 5 anos)

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de facturas orixinais. Ditos cheques entregaranse no Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo ata o **30 de outubro de 2017**.

Para comedor

**41 euros\***  
máximo por mes e alumno/a  
agós decembro e abril que se pagará 28,70 €  
(70%) por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

**As axudas concédense ás familias e pagaranse aos centros, que actuarán como entidades colaboradoras, mediante transferencia bancaria.** Previamente o pai/nai/titor asinará as listas que o Departamento de Benestar Social enviará ao centro educativo. As faltas de asistencia ao comedor sen xustificar de catro días poden levar á anulación da axuda.